

PROGRAMACIÓN
DO CICLO
DE
EDUCACIÓN
INFANTIL

CEIP PLURILINGÜE
CEDEIRA

CURSO 2021-2022

1. Introducción e contextualización
2. Contribución desde as áreas ao desenvolvemento das competencias básicas
3. Obxectivos
4. Secuencia de contidos
5. Actividades
6. Temporalización
7. Criterios de avaliación
8. Procedementos de avaliación
9. Instrumentos de avaliación
10. Metodoloxía didáctica, considerando as competencias básicas como elemento organizador
11. Materiais e recursos didácticos
12. Medidas de atención á diversidade
13. Accións de contribución ao plan TIC
14. Accións de contribución ao plan de convivencia
15. Educación en valores
16. Actividades complementarias e extraescolares
17. Procedementos para avaliar a propia programación

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1. INTRODUCCIÓN

A finalidade da Educación Infantil, é o desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos/as.

A Educación Infantil debe contribuír a compensar todo tipo de desigualdades de contornas sociais, culturais ou económicos desfavorecidos, e atender ás diferenzas individuais de cada neno/a; así como unha clara función educativa, xa que, a educación debe empezar desde o nacemento para contribuír ao desenvolvemento integral do neno/a.

O carácter voluntario e gratuíto desta etapa educativa, non debe confundirse cunha improvisación da mesma, a súa voluntariedade non diminúe a súa importancia. A programación é un intento de racionalizar a práctica didáctica para que esta obedeza a un plan. Para Gimeno e Pérez trátase de entender a programación como un paso ou eslabón intermedio entre a teoría pedagóxica ou curricular e a práctica, supón descubrir a complexidade deste mecanismo, e considerar que o deseño non é unha destreza moi ben delimitada e mecánica, senón que require suscitar toda unha teoría previa do currículo e do seu desenvolvemento desde os principios ou fundamentos da acción ata a práctica concreta.

A programación é necesaria porque:

- Axuda a eliminar o azar e a improvisación, aínda que isto non significa que se trate dunha programación pechada ou predeterminada, senón que se trata dunha guía de orientación, suxeita a modificacións en función das necesidades dos alumnos/as aos que se dirixe.
- Permite adoptar o traballo pedagóxico ás características culturais e ambientais dun contexto determinado.

A programación defínese como un conxunto de unidades ordenadas e secuenciadas que se deseñan e desenvolven en cada ciclo ou nivel educativo. Isto esixe planificar e distribuír os contidos de aprendizaxe ao longo do ciclo. É o terceiro nivel de concreción curricular, parte do Proxecto Curricular de Centro, que é o segundo nivel de concreción curricular, é unha adecuación das directrices xerais, ao propio centro,

directrices que establece a Administración Educativa, plasmadas no *RD 1630/2006 de 29 de setembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas do segundo ciclo da Educación Infantil*.

1.2. CONTEXTUALIZACIÓN.

A etapa de Educación Infantil, segundo a *LOE* é voluntaria e gratuíta. Está constituída por 6 anos académicos, divididos en dous ciclos, de 0 a 3 anos o primeiro ciclo e de 3 a 6 anos o segundo ciclo. Será impartida por mestres/as especialistas.

A administración promoverá a escolarización nesta etapa dos alumnos/as con necesidades educativas especiais e garantirá a existencia de postos escolares gratuítos para atender ás demandas das familias. A administración educativa cooperará estreitamente cos pais/nais co obxecto de garantir a responsabilidade compartida que debe existir entre ambas institucións en beneficio do neno/a.

Trátase dun Colexio Público de Educación Infantil e Educación Primaria que se atopa situado no medio rural e consta de 3 aulas de Educación Infantil, unha de 3 anos, unha de 4 anos e outra de 5 anos dotadas co material suficiente para o traballo diario. Ademais das titoras contamos cunha mestra de apoio e cos especialistas de AL, PT, música, inglés e relixión.

A especialista en AL impartirá unha sesión de PELO á semana nas aulas de 4º, 5º e 6º de infantil para traballar en colaboración coa titora a linguaxe.

Así mesmo tamén temos unha biblioteca, unha aula de música compartida con psicomotricidade e unha de inglés.

O centro está dotado de patio de recreo diferenciado para cada grupo búbulla.

Os nenos/as falan maioritariamente castelán, polo que será a lingua vehicular, empregaremos a segunda lingua de Galicia na medida do posible, tanto oral coma por escrito para garantir a proximidade dos nenos/as á mesma e cumprir así co proxecto lingüístico elaborado polo centro.

No centro escolarízanse neste momento 31 alumnos/as de 3, 4 e 5 anos. En 3 anos hai 3 nenos/as, en 4 anos temos un aula con 14 nenos/as e en 5 anos 14 nenos/as.

En liñas xerais, e atendendo ás características psicoevolutivas dos alumnos, estes atópanse, seguindo a Piaget, no período preoperacional, que abarca dos 2 aos 7 anos. Este período está dividido en dous estadios: de 2-4 o estadio do pensamento simbólico e de 4 a 7 o estadio do pensamento intuitivo.

Centrándonos nos ámbitos de desenvolvemento, podemos destacar: a nivel motor os nenos/as están preparados para construír o seu esquema corporal a partir da diferenciación das súas partes. Incrementan o control do ton muscular e a respiración. Perfeccionan o equilibrio e a capacidade para orientarse no tempo e no espazo. Afinan as súas posibilidades manuais (motricidade fina), que serán básicas para a escritura.

No desenvolvemento cognitivo organizan o seu pensamento en torno a esquemas mentais sinxelos e básicos. Usan a intuición e guíanse polo ensaio-erro. Necesitan vivir situacións cotiás e repetitivas, para afinar o coñecemento da contorna máis próxima. En situacións coñecidas son capaces de captar relacións entre os obxectos, comprender secuencias simples no tempo e establecer conexións causa-efecto. No que respecta á linguaxe nesta idade adoptaran as regras gramaticais básicas da súa lingua materna e poden recoñecer palabras moi significativas da súa contorna, polo que se pode favorecer a súa habilidade lectora. Tenden a explicalo todo deixándose guiar pola imaxinación. Consideran todo como resultado da acción humana.

O seu desenvolvemento persoal caracterízase porque o neno/a comeza a recoñecer a súa individualidade, determinada pola súa identificación cos adultos e polo trato que reciben na familia. Comezan a tomar conciencia do seu propio eu e da súa aceptación e estima. A identificación e asimilación da súa pertenza a un determinado sexo fortalécese coa relación cos outros nenos. Atravesan unha etapa egocéntrica, só falan de si mesmos e non teñen en conta o punto de vista dos demais. A interrelación cos outros e a súa imitación achéganlles a un diálogo socializado. Inician gradualmente pequenos grupos determinados por intereses variables. Na aula o vínculo de relación é o profesor polo que necesitan sentirse queridos.

O seu desenvolvemento moral parte das consideracións transmitidas polos adultos que os rodean, deles aprenden actitudes e normas sociais básicas. Consideran as cousas boas ou malas segundo llas manden ou prohiban os adultos. Adoptan os comportamentos das persoas máis significativas para eles.

Estas características son pinceladas xerais que logo se concretarán en cada nen@ en particular, xa que, a súa maduración, experiencia e ambiente condicionará o seu proceso evolutivo.

Unha vez por semana os alumnos/as asisten a aula de informática e á biblioteca.

Ademais asistirán unha sesión semanal á aula de psicomotricidade coa especialista de Educación Física.

Neste curso iniciamos o programa de centro plurilingüe polo que se impartirá unha sesión semanal de plástica en inglés.

2. CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

As tres áreas que aparecen recollidas no decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, están intimamente relacionadas coas oito competencias básicas, xa que están deseñadas para que a través da selección de obxectivos e da secuenciación dos contidos que nelas se propoñen, o alumnado acade o desenvolvemento de cada unha delas, ao finalizar a súa escolarización obrigatoria.

O proceso de ensino-aprendizaxe dos obxectivos e contidos das tres áreas por parte de cada un dos alumnos, proceso que será individualizado ao máximo atendendo as características propias de cada un deles, está ligado e polo tanto contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas.

Así, a primeira área de coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal contribúe **ácompetencia de autonomía e iniciativa persoal** coñecendo e usando progresivamente o seu propio corpo nas tarefas diarias, esforzándose por realizar as mesmas de forma autónoma ou expresando as súas propias emocións. Esta área tamén contribúe **ácompetencia social e cidadá** a través da participación na elaboración das normas de convivencia e respectándoas, valorando a importancia da axuda aos demais ou expresando as propias ideas e respectando as dos demais.

A través da área de coñecemento do contorno, trabállanse varias competencias: **amatemática**, ordenando e clasificando elementos atendendo a distintos

criterios, empregando o pensamento lóxico para resolver sinxelos problemas da vida cotiá ou resolvendo sinxelos xogos matemáticos; a **competencia do coñecemento e a da interacción co mundo físico** preguntándose acerca dos fenómenos naturais que se dan no contorno, recoñecendo e anticipando situacións de risco para evitar perigos ou mostrando actitudes de respecto hacia o espazo físico.

Así, escoitar e comprender mensaxes orais sinxelos, falar de xeito claro e coherente cun vocabulario axeitado, memorizar e recitar poemas, retahílas ou cancións,... obxectivos todos eles pertencentes á terceira área de “linguaxes: comunicación e representación” buscan traballar a **competencia lingüística**. Esta área tamén contribúe ao desenvolvemento do **tratamento da información e competencia dixital** através do emprego, de xeito guiado, dalgúns xogos educativos tanto no ordenador coma a nivel grupal co encerado dixital, gozando da tecnoloxía como fonte de aprendizaxe. Así mesmo, dende esta área tamén se pretende desenvolver capacidades relacionadas coa **competencia cultural e artística** tentando que os nenos mostren interés e recoñezan algunhas manifestacións culturais presentes no contorno, valorándoas e respetándoas, empregando distintos materiais e técnicas plásticas,...

Dado que o ensino infantil ten un carácter globalizado en tódalas áreas se desenvolve máis dunha competencia. Deste xeito podemos dicir que especialmente a competencia de **aprender a aprender** é a mais global de todas elas pois é preciso tela presente en todas e cada unha das actividades realizadas polos alumnos.

3. OBTIVOS XERAIS DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

Os obxectivos que pretendemos que os/as nenos/as alcancen ao finalizar a etapa de educación infantil son os seguintes:

- Descubrir e construír, a través da acción, o coñecemento do seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción, adquirindo a coordinación e o control dinámico xeral necesarios, actuando con seguridade e confianza e aprendendo a respectar as diferenzas.
- Construír a súa propia identidade e ir formando unha imaxe positiva e axustada de si mesmo/a e desenvolver as súas capacidades afectivas tomando gradualmente conciencia das súas emocións e sentimentos a través do coñecemento e valoración das características propias, as súas posibilidades e límites.

- Adquirir progresivamente autonomía na realización das súas actividades habituais e na organización das secuencias temporais e espaciaiscotiás, e na práctica de hábitos básicos de saúde e benestar e promover a súacapacidade de iniciativa.
- Adquirir hábitos de hixiene, alimentación, vestido, descanso e protección.
- Observar e explorar o seu contorno físico, social e cultural, xerandointerpretaciónsdalgúns fenómenos e feitos significativos para coñecer e comprender a realidade e participar nela de forma activa.
- Observar e explorar o mundo que os rodea a través do xogo e da acción e desenvolver actitudes de curiosidade e observación.
- Establecer relacións positivas e satisfactorias cosseusiguais e cos adultos, tendo en conta as emocións, sentimentos e puntos de vista dos demais, adquirindo as pautas elementais de convivencia e relación social, respectando a diversidade e exercitándosena resolución pacífica dos conflitos.
- Iniciarse no coñecemento das ciencias.
- Iniciarse no coñecementodoutros lugares e pobos do mundo, desenvolvendo actitudes de respecto e de tolerancia.
- Desenvolver habilidades comunicativas a través de diferentes linguaxes (plástica, musical, corporal, audiovisual...) e formas de expresión a través do movemento, o aceno e o ritmo.
- Utilizar a linguaxe oral de forma cada vez máis adecuada ás diferentes situacións de comunicación para comprender e ser comprendidos polos outros.
- Iniciarse no manexo das ferramentaslórico-matemáticas, nastecnoloxías da información e da comunicación, e no desenvolvemento de estratexias cognitivas.
- Aproximarse á lectura e á escritura en situacións da vida cotiá a través de textos de uso social, valorando a linguaxe escrita como instrumento de comunicación, representación e goce.
- Descubrir o pracer da lectura a través dos contos e relatos.
- Iniciarse no uso educativo e recreativo da biblioteca escolar como espazo idóneo para o coñecemento, a información e o entretemento.
- Coñecer e participar nalgunhasmanifestaciónsculturais e artísticas do seu contorno ou da súacomunidade, tendo en conta a súadiversidade e desenvolvendo actitudes de interese, aprecio e respecto cara á cultura e á pluralidade cultural.
- Iniciarse experimentalmente no coñecemento oral dunhalinguaestranxeira.

4. SECUENCIA DE CONTIDOS

Os contidos están secuenciados nas distintas programacións de nivel.

5. ACTIVIDADES

As actividades que levaremos a cabo serán globalizadas, lúdicas, motivadoras, significativas, adaptadas ós obxectivos, contidos, criterios de avaliación, competencias básicas, á realidade da aula e que en todo caso terán en conta a curva de fatiga, atención e interese dos nenos/as.

Tamén atenderán as necesidades específicas de apoio educativo e a atención á diversidade.

Estas actividades levarémolas a cabo empregando distintos agrupamentos como gran grupo, pequeno grupo (recantos), parellas, individual,...

6. TEMPORALIZACIÓN DO PROXECTO E DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

	PROXECTO XERAL “TEITOS A EITO”	CELEBRACIÓNS E CONMEMORACIÓNS (A súa realización verase afectada polas restriccións que levaremos a cabo debido a pandemia, por iso non se farán ou se realizarán de xeito distinto a outros anos)	SAÍDAS
1º TRIMESTRE	Evolución das nosas casas	<ul style="list-style-type: none"> • Día das bibliotecas • Magosto • Samaín • Nadal 	Campolameiro
2º TRIMESTRE		<ul style="list-style-type: none"> • Día da Paz • Día de Rosalía • Entroido • Semana da prensa 	Castelo Soutomaior
		<ul style="list-style-type: none"> • Día do libro 	Praia de Cesantes

3ºTRIME STRE		<ul style="list-style-type: none"> • Os maíos • Día das letras galegas 	
-----------------	--	--	--

7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación son indicadores dunha aprendizaxe progresiva das capacidades ás que se refiren os obxectivos de etapa e de área. Enúncianse en termos de condutas observables. A explicación de cada criterio orienta o tipo e o grao de aprendizaxe que cómpre acadar.

❖ Área 1: coñecemento de si mesmo/a e autonomía persoal

Criterios de avaliación	Indicadores de logro
Coñecer de forma progresiva o seu esquema corporal, identificando as partes do corpo en si mesmo/a, noutro neno/a e nun debuxo.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece os segmentos e elementos do seu corpo. • Sinala as partes do corpo que o docente lle nomea. • Distingue algunhas características diferenciais do seu corpo. • Diferencia nena-neno. • Coñece algúns órganos internos. • Sabe para que serve o esqueleto. • Sinala algunhas articulacións.
Manifestar unha adecuada coordinación e control corporal.	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza movementos globais de maneira adecuada á idade. • Mantén o equilibrio estático e dinámico. • Adopta diferentes posturas. • Adapta a postura á actividade que realiza. • Progresa a coordinación óculo-manual. • Mellora a precisión nos movementos finos. • Controla a marcha e a parada. • Camiña, corre, salta, mantense nun só pé. • Recorta, pica, pega e realiza trazos de maneira adecuada á idade. • Sabe manterse tranquilo/a naquelas actividades que o requiren. • Participa nos xogos e actividades psicomotrices.
Confiar nas súas	<ul style="list-style-type: none"> • Conoce algunhas de sus posibilidades motrices.

<p>posibilidades</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe qué movementos cóstalle realizar. • Distingue las actividades motrices que es capaz de realizar por sí mismo/a y las que puede realizar con ayuda de los demás. • Muestra una seguridad progresiva en sus desplazamientos.
<p>Distinguir os sentidos e identificar sensacións a través deles.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe onde están localizados os diferentes órganos dos sentidos. • É capaz de apreciar o sabor dalgúns alimentos. • Discrimina olores agradables e desagradables. • Diferencia texturas: liso-suave-áspero-rugoso. • Discrimina algúns sons. • Discrimina as propiedades dalgúns obxectos por medio dos sentidos. • Coñece algunhas sensacións que pode obter por medio dos sentidos: frío-quente, duro-brando, tamaño, cor, forma etcétera.
<p>Desenvolver unha imaxe persoal axustada e positiva e ir progresivamente adquirindo maior empatía</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mostra iniciativa e interese nas actividades escolares. • Adáptase nas actividades grupais. • Está contento/a no colexio. • Pide axuda cando o necesita. • Axuda ao compañeiro ou á compañeira que o necesita. • Mostra desexos e interese por aprender.
<p>Mostrar actitude de respecto ante as diferenzas e a diversidade cultural.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece as características físicas diferenciais relacionadas coa pertenza a unha determinada raza. • É respectuoso/a cos seus compañeiros e compañeiras. • Respecta as ideas achegadas por todos. • Non adopta actitude discriminatoria ante os seus compañeiros ou compañeiras.
<p>Intervir de maneira adecuada na resolución de conflitos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Aмосa actitude positiva para a resolución dos pequenos conflitos que xorden na aula. • Comprende que os problemas se resolven falando e non pelexando. • Colabora á hora de resolver situacións conflitivas.
<p>Expresar sentimentos y emociones, comprender e interpretar los de los otros y contribuir a la convivencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as expresións faciais de emocións básicas: alegría, tristeza, enfado, medo, agresividade, celos etcétera. • É capaz de controlar algunhas das súas emocións. • Sabe identificar algunhas emocións nos seus

	<p>compañeiros e compañeiras.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Intenta axudar cando se dá conta de que algún compañeiro está triste ou preocupado. • Sabe que non sempre pode conseguir o que quere. • Comeza a tolerar a posibilidade de equivocarse nas actividades cotiás e en situacións de xogo. • É capaz de expresarlles afecto aos seus compañeiros e compañeiras. • Móstrase receptivo ao afecto dos demais. • Sabe que debe intentar facer de novo as cousas que non lle saen.
<p>Participar en xogos en contextos habituais, amosando destrezas motoras e habilidades manipulativas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Participa nos xogos que se realizan na clase e no patio. • Respecta as normas que rexen os xogos. • Adopta diferentes roles nos xogos simbólicos. • Móstrase colaborativo/a nos xogos. • Gústalle os xogos tradicionais. • Amosa destrezas motoras (globais e finas) nos xogos.
<p>Realizar autonomamente e con iniciativa actividades habituais para satisfacer necesidades básicas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Posúe as destrezas motoras necesarias para a realización das actividades cotiás. • Pon e quita o abrigo só/soa ou con pouca axuda. • Come só/soa. • Manexa de xeito adecuado á idade os cubertos. • Lava as mans só/soa ou con pouca axuda do adulto. • Desenvólvese con autonomía progresiva polas diversas dependencias da escola. • Utiliza adecuadamente os obxectos e materiais e os espazos.
<p>Consolidar progresivamente hábitos de coidado persoal, hixiene, saúde e benestar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Gústalle sentirse limpo/a e aseado/a. • Sabe que debe alimentarse adecuadamente e probar diferentes alimentos. • Sabe que debe lavar as mans antes de comer, despois de xogar e despois de tocar un animal. • Comprende que debe lavar os dentes despois das comidas. • Diferencia algúns alimentos beneficiosos e outros prexudiciais para a saúde. • Identifica algúns obxectos que poden resultar perigosos para a súa saúde. • Sabe que debe realizar exercicio físico para manterse

san/sa.

- Sabe que debe descansar dabondo para poder realizar as actividades ao longo do día.
- Realiza algunhas das actividades relacionadas coas rutinas cotiás sen que o adulto lle mande.

❖ **Área 2: coñecemento do contorno (medio físico, natural, social e cultural)**

Criterios de avaliación	Indicadores de logro
Dar mostras de interesarse polo medio natural. Establecer relacións sinxelas de interdependencia, manifestar actitudes de respecto e coidado cara á natureza, e participar de forma activa en actividades para conservala.	<ul style="list-style-type: none">• Distingue entre seres vivos e inertes.• Coñece que os animais poden vivir en diferentes hábitats.• Coñece algunhas características de hábitats diferentes ao noso traballados na clase.• Diferencia diversos tipos de animais.• Nomea as características morfolóxicas dalgúns animais.• Coñece algúns datos sobre algúns animais: como nacen, como se protexen, como cambian co paso do tempo...• Móstrase respectuoso cos animais.• Sabe o que necesitan as plantas para vivir.• Nomea as partes dunha planta.• Participa no coidado dalgunha planta na clase.• Coñece a importancia da auga para as plantas.• Nomea algúns alimentos de orixe animal e de orixe vexetal.• Sabe que algúns produtos e alimentos sofren un proceso de transformación.• Comprende que as plantas e os animais son necesarios para as persoas.• Coñece que a auga pode estar en estado sólido, líquido ou gasoso.• Comprende a importancia e a necesidade de reciclar.• Recoñece a cor dalgúns colectores de reciclaxe.• Sabe que non debe malgastar a auga.• Contribúe no mantemento da orde e limpeza do seu contorno.• Empregaaxeitadamente as papeleiras do colexio atendendo a criterios de reciclaxe.

<p>-Fenómenos naturais: volcáns.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia diferentes tipos de paisaxe. • Sabe que debe coidar a natureza na medida das súas posibilidades. • Observa e nomea algúns dos cambios que se producen no medio coa chegada das diferentes estacións. <p>Sabe por qué se producen os volcáns. Recoñece as partes dun volcán. Comprende as consecuencias devastadoras deste fenómeno natural.</p>
<p>-As vivendas, evolución e tipos</p>	<p>Sabe cales foron as primeiras vivendas dos seres humanos. Recoñece diferentes tipos de vivendas según o momento histórico (cova,castro,castelo, rañaceo). Coñece as diferentes partes dunha casa e as súas funcións. Comprende a importancia de disfrutar dunha vivenda digna e axeitada.</p>
<p>Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno, algunhas características da súa organización e os principais servizos comunitarios que ofrecen. Adoptar actitudes de respecto cara ás manifestacións étnicas e culturais diferentes á súa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece o seu colexio, as diferentes dependencias e espazos e os obxectos propios de cada un. • Identifica os membros da súa familia. • Coñece algunhas relacións de parentesco. • Coñece os elementos do contorno urbano. • Sabe algunhas diferenzas e semellanzas entre o pobo e a cidade. • Expresa de xeito sinxelo como cambiaron as cidades co paso do tempo. • Relaciona algúns produtos coa tenda ou establecemento no que poden adquirirse. • Nomea algúns edificios ou monumentos que podemos atopar na rúa. • Identifica as partes, dependencias e obxectos da casa. • Diferencia distintos tipos de vivenda do pasado, do presente e do futuro. • Sabe que noutros lugares do mundo e noutras culturas as casas son diferentes á súa. • Coñece e valora o traballo realizado polos diferentes

	<p>profesionais traballados.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Localiza algúns lugares nun mapamundi. • Participa nas festas da súa localidade. • É respectuoso/a cos costumes e tradicións do seu entorno e doutras culturas. • Relaciona diferentes medios de transporte co medio físico polo que se desprazan. • Coñece que algúns medios de transporte cambiaron co tempo. • Nomea algúns medios de transporte menos comúns.
<p>Discriminar obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece os obxectos que utiliza nas actividades cotiás: relacionados co aseo, a alimentación, o vestido e o descanso. • Utiliza de xeito progresivamente adecuado os obxectos relacionados coa hixiene, a alimentación e o vestido. • Identifica obxectos relacionados coas diferentes profesións traballadas. Coñece a función dalgúns deles. • É coidadoso/a cos obxectos persoais e cos que son utilizados por todos os compañeiros e compañeiras. • Relaciona os obxectos da casa coa dependencia á que pertencen. • Coñece a función e utilidade dalgúns obxectos e aparellos da casa. • Iniciouse no coñecemento dalgúns instrumentos tecnolóxicos: ordenador, TV, encerado dixital, reprodutor de imaxe e de son... • Utiliza as novas tecnoloxías como fonte de información e de comunicación. • Coñece a achega dalgúns dos inventos traballados.
<p>Dar mostras de progreso na interiorización de pautas de comportamento adecuadas a unha convivencia positiva e das normas sociais propias do ambiente escolar.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e respecta as normas da clase. • Compórtase adecuadamente nos diferentes espazos do colexio. • Colabora cos seus compañeiros e coas súas compañeiras. • Contribúe a que o ambiente da clase sexa relaxado e tranquilo. • Sabe que na casa existen unhas normas que debe respectar. • Sabe que debe comportarse adecuadamente na rúa e nos lugares de lecer e diversión.

	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece a importancia de respectar unhas normas básicas de educación viaria. • Adquire de maneira progresiva hábitos de traballo en equipo. • Respecta os seus compañeiros e as súas compañeiras cando falan e opinan.
<p>Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo semellanzas e diferenzas ostensibles, discriminar e comparar algunhas magnitudes e cuantificar coleccións mediante o uso da serie numérica.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza a observación e a manipulación para identificar as propiedades e calidades dalgúns obxectos. • Discrimina as cores traballadas: vermello, amarelo, verde, azul, laranxa, morado, gris, branco, negro... • Realiza diferentes clasificacións e agrupacións atendendo a diversos criterios de tamaño, forma, cor, propiedades, situación espacial e medida. • Sitúase no espazo el/ela mesmo/a e os obxectos atendendo ás nocións: diante-detrás, dentro-fóra, arriba-abaixo, a un lado-a outro lado, esquerda-dereita, enriba-debaixo, ao redor... • Recoñece as formas circular, cadrada, rectangular, triangular, rómbica, oval, esférica... • Sabe situarse no tempo. • Utiliza adecuadamente os cuantificadores: un-ningún-varios, moitos-poucos, enteiro-metade... • Nomea algunhas propiedades: aberto-pechado, recto-curvo, rápido-lento, liso-áspero... • Diferencia os tamaños e medidas: grande-mediano-pequeno, alto-baixo, goso-delgado, ancho-estreito, longo-curto... • Realiza as grafías dos números do 0 ao 10. • Relaciona os dez primeiros cardinais coas cantidades correspondentes. • Conta ata 10. • Realiza series ascendentes e descendentes de números. • Nomea algúns cardinais. • Identifica o primeiro e o último dunha colección. • Coñece o anterior e o posterior dun número dado. • Realiza sumas sinxelas. • Iniciouse na resta. • Resolve algúns problemas cotiáns nos que intervéñ o razoamento lóxico. • Coñece a relación causa-efecto dalgúns

acontecementos.

- Utiliza algúns instrumentos de medida.
- Realiza algunhas estimacións de medida.

❖ Área 3: linguaxes: comunicación e representación

Criterios de avaliación	Indicadores de logro
Utilizar a lingua oral propia y extranjera del modo más conveniente para una comunicación positiva con sus iguales y con las personas adultas, según las intenciones comunicativas.	<ul style="list-style-type: none">• Posúe un léxico adecuado á idade.• Comunícase oralmente cos demais.• Sabe facerse entender.• Utiliza os xestos e a entoación nas súas comunicacións orais.• Articula as frases adecuadamente.• Progresa o seu nivel de expresión oral.• Expresa os seus desexos, sentimentos, ideas e necesidades.• Escoita os demais mentres falan.• Coñece as normas que rexen o intercambio lingüístico.• Utiliza, de xeito progresivo, determinantes, nexos, verbos e adxectivos nas súas producións orais.• Concorde palabras tendo en conta o xénero e o número.• Nomea palabras que pertencen a unha mesma familia.• Sabe sinónimos e antónimos dalgunhas palabras familiares.• Sabe que debe gardar a quenda de palabra para falar.• Mira o interlocutor mentres lle fala.• Realiza descricións sinxelas.• Coñece o son dalgunhas palabras moi sinxelas e próximas en lingua estranxeira.• Aprende e utiliza un vocabulario básico en inglés.
Comprender mensaxes e textos diversos transmitidos de forma oral, amosando unha actitude de escoita e comunicación atenta, respectuosa, activa e	<ul style="list-style-type: none">• Progresa no seu nivel de comprensión verbal.• Comprende as mensaxes que lle comunican os demais.• Comprende os contos lidos polo docente.• É capaz de contar coas súas propias palabras o conto que leu o docente.• Permanece atento/a na audición de contos e de

<p>positiva en situacións de interacción.</p>	<p>historias.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Memoriza rimas e poesías sinxelas. • Participa nos diálogos da clase. • Sabe achegar as súas ideas nas conversas grupais.
<p>Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso, na comprensión das súas finalidades e no coñecemento dalgunhas características do código escrito.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Manipula diferentes soportes da linguaxe escrita: imaxes, fotografías, material do alumnado, contos... • Relaciona sons coa grafía da letra ou sílaba que corresponda. • Sabe que se escribe de esquerda á dereita e de arriba a abaixo. • Compórtase adecuadamente na biblioteca da aula ou do centro. • Coida os libros e outros soportes.
<p>Iniciarse nos usos orais da lectura e da escritura, segundo o nivel madurativo. Interesarse e participar nas situacións de lectura e escritura que se producen na aula.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Le e interpreta imaxes, etiquetas, pictogramas, carteis e algunhas palabras. • Goza nas situacións de lectura na clase. • Sabe a direccionalidade correcta da lectura. • Responde adecuadamente a preguntas formuladas sobre unha historia lida. • Sinala nunha imaxe os elementos que se lle nomean. • Identifica os carteis que rotulan diferentes espazos da aula. • Diferencia a grafía de letras e números doutros caracteres. • Formula preguntas sobre palabras escritas. • Colle o lapis e senta adecuadamente para escribir. • Realiza trazos con progresiva precisión. • Realiza a grafía dalgunhas letras. • Escribe algunhas palabras. • Coñece algúns contos tradicionais e populares.
<p>Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais, amosando interese por explorar as súas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comunícase utilizando diferentes linguaxes e medios de expresión. • Sabe que co seu corpo pode comunicar sentimentos, ideas e necesidades. • Apóiase na linguaxe corporal para facerse entender. • Participa e goza coas dramatizacións realizadas na clase. • Sabe que por medio das obras de arte traballadas se

posibilidades, por gozar coas súas producións e por compartir cos demais as experiencias estéticas e comunicativas.

- poden comunicar sentimentos.
- Goza coa realización das súas propias obras de arte.
 - Utiliza diferentes técnicas e materiais nas súas producións plásticas.
 - É creativo/a na realización das súas producións.
 - Coñece algunha obra que forma parte do patrimonio artístico e cultural da súa localidade ou comunidade.
 - Coñece algúns autores e compositores universais e as súas obras.
 - Segue o ritmo de diferentes melodías.
 - Gústalle escoitar cancións.
 - Discrimina diferentes sons relacionados cos contidos traballados.

8. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Tendo en conta a Orde 25/6/09 será unha avaliación inicial (coñecementos previos dos nenos/as), continua (como reaccionan os nenos/as ante unha nova experiencia) e final (valoración global dos resultados obtidos) entendendo o proceso de avaliación como un proceso de calidade e mellora.

As principais técnicas e instrumentos de avaliación son:

- Cuestionario de inicio da escolaridade.
- Observación directa e sistemática.
- Rexistro de incidencias.
- Diálogos cos nenos e nenas.
- Valoración das actividades e os traballos diarios.
- Recollida de información por parte da familia e outros membros do equipo docente.
- Avaliación da relación entre os membros da clase a través de sociogramas adaptados, dinámicas cooperativas...

9. METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.

A pesar de que as competencias foron indicadas para a educación obrigatoria, dende a Educación Infantil traballaremos para iniciar ao alumno/a no desenvolvemento de ditas competencias.

Polo tanto, coa incorporación das competencias ao noso currículo o concepto da escola é diferente. Hai que cambiar os tradicionais modelos de transmisión de coñecementos por outros que mobilicen as estruturas e habilidades cognitivas dos nenos e das nenas. O paradigma educacional referente será o de “aprender a aprender” e “aprender facendo”. Falamos dunha aprendizaxe significativa que se transfira a situación da vida real dos nenos/as e que implique a resolución dos problemas na práctica.

Para conseguilo traballaremos sobre todo, por proxectos. Nos proxectos todo se constrúe coa aportación de todos e todas. O que cada un ten que dicir, o que trae a clase, o que encontra nun documento, enriquecémos a todos porque pode contradicirse co que di o outro, dando a oportunidade de debater, verificar e buscar a mellor solución. Traballar por proxectos é unha proposta que implica:

- Favorecer a globalización do proceso de ensino-aprendizaxe, posto que intentamos implicar todas as capacidades curriculares.
- Priorizamos as experiencias de primeira man co obxectivo de asegurar a significatividade dos aprendizaxes.
- O desenrolo cognitivo a través das relacións socioafectivas que se establecen entre os alumnos durante o proxecto.
- Fundamentase na comunicación e na linguaxe para a toma de decisións, acordos, informacións, creación de hipóteses...
- É unha metodoloxía activa porque mobiliza a actividade total do neno/a.
- Permite a diversidade de agrupamentos, flexibilidade dos espazos e do tempo na clase.
- Favorece o desenrolo do pensamento crítico e diverxente, da creatividade e das ferramentas de pensamento como a realización de hipóteses, a anticipación, argumentación...
- Aproveita os erros para ofrecer modelos, para xerar conflitos, para xerar preguntas...Entendemos o erro como etapas de aproximación progresiva e de formación do coñecemento.
- Axuda ao docente na observación dos seus alumnos/as e no crecemento profesional, é dicir, na retroalimentación continua da súa actividade educativa na aula.

Debido á situación tan excepcional que vivimos neste curso, vémonos na obriga de

anticiparnos a outro posible confinamento polo que temos que establecer de antemán distintas vías posibles que permitan seguir levando a cabo a nosa labor para co noso alumnado. Por todo iso, no caso de precisalas empregaremos a aula virtual e tamén o blog que puxemos en marcha durante o confinamento do 2020, creando unhas canles que nos permitan un feedback entre nos e as familias dos nosos nenos e nenas.

10. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Todo o material que empregaremos en nas actividades que realicemos será adecuadamente hixienizado despois de cada uso cos medios postos a nosa disposición polo centro.

Empregaremos:

- Murais motivadores.
- Materiais para ambientar e decorar a aula: calendario, pictogramas do tempo atmosférico, despregable de números,...
- Rexistros diarios: asistencia, tempo meteorolóxico, emocións,...
- Contos.
- Bits
- Láminas de fotografías.
- CD de cancións, de música clásica, de audicións de contos, audicións sonidos.
- CD de xogodixitais interactivos.
- Materiais utilizados nas actividades plásticas e psicomotoras.
- Materiais utilizados para a organización dos diferentes recantos.
- Internet.
- PDI

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A diversidade de intereses, capacidades, motivacións, é un feito. Esta diversidade enriquece a nosa escola onde todos aportamos, todos axudamos e todos somos respectados.

Tentaremos dar una resposta educativa a dita diversidade tendo en conta o Decreto 229/2011. A resposta educativa para atender a esa diversidade desenvólvese de xeito concreto no centro e na aula desde a PXA, o PE e mais concretamente na Programación

de aula, e deberá resolverse en función de cada contexto e nun triple ámbito: o curricular, o metodolóxico e o organizativo. Dende o ámbito curricular hai que analizar posibles medidas curriculares que inclúen as de carácter metodolóxico; adecuación de obxectivos, contidos e avaliación. Dende o ámbito organizativo, as características que favorecen a diversidade son: flexibilidade, funcionalidade, participación e comunicación.

11.1. CRITERIOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Todas e cada unha das actividades a realizar se adaptarán as características e peculiaridades dos nenos/as do grupo-clase. Para atender a diversidade na aula temos que ter en conta:

- Propor actividades que se leven a cabo con distintos tipos de agrupamentos.
- Propor actividades con diversos graos de realización.
- Diseñar actividades diversas para traballar un mesmo contido.
- Propor actividades que permitan diferentes posibilidades de execución.
- Preparar o traballo de forma sinxela, dando a tarefa máis estruturada.
- Facilitar a execución da tarefa ofrecéndolle recursos didácticos necesarios.
- Adecuar a linguaxe segundo o nivel de comprensión dos alumnos/as.
- Seleccionar técnicas e estratexias que sexan útiles para todos os alumnos/as, incluídos os que presentan necesidades educativas especiais.
- Proporcionar os materiais necesarios para a realización das actividades de avaliación en función das características do alumno/a.
- Achegar todo tipo de información ao Departamento de Orientación.
- Proporcionar orientación as familias (pautas de actuación, actividades...).
- Atención individualizada na aula do especialista en P.T. e en A.L.

12. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Dende a etapa de infantil achegámonos ao plan Tic coas distintas sesión que levamos a cabo na aula de informática. Cada aula ten unha sesión á semana que realiza coa mestra de apoio. Nelasfanse distintas actividades tanto nos ordenadores coma no encerado dixital, dependendo da idade dos nenos e nenas. Deste xeito, conseguimos

apoiar os distintos contidos de etapa empregando as novas tecnoloxías da información e da comunicación. Así mesmo, traballamos para que adquiran hábitos axeitados á hora de empregar estes medios, concienciando que debemos limitar o tempo que os empregamos tanto no centro coma nas casas.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

No ciclo de educación infantil contribuimos ao plan de convivencia :

- co plan de adaptación dos nenos de 3 anos
- co plan de transición de infantil a primaria, que ten a mesma duración que o período de adaptación dos nenos de 3 anos.
- coas dinámicas de aprendizaxe cooperativo que se realizan nas aulas de 4 e 5 anos.

14. EDUCACIÓN EN VALORES

Nas sesión de atención educativa desenvolveranse distintas actividades atendendo a idade dos nenos/as.

- ✓ No nivel de 3 anos:
 - Lectura de contos traballando os valores tales como a solidariedade, amizade, saúde, paz, normas de convivencia, autoestima,...
 - Xogos de mesa.
 - Xogos ó aire libre.

- ✓ Nos niveis de 4 e 5 anos:
 - Contos e curtas que traballen tanto a educación emocional coma valores tales como a solidariedade, amizade, saúde, paz, normas de convivencia , autoestima,...
 - Xogos de mesa.
 - Xogos e actividades que fomenten a imaxinación e a creatividade.
 - Xogos ó aire libre.

15. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Do mesmo xeito que avaliamos o proceso evolutivo dos nenos tamén é importante autoavaliar a nosa labor e a programación, tentando atopar posibles deficiencias e aspectos de mellora.

Esta autoevaluación levarase a cabo de xeito inicial (elaboración e revisión das programacións), continua (reunións do profesorado para tratar decisións metodolóxicas, axustes nas actividades, obxetivos e contidos), trimestral (seguimento das programacións, grado de adecuación e satisfacción) e final (revisión do aprendido de cara a mellorar para o seguinte curso a nosa práctica docente).